Concello de Lugo

ICB/icb
Ref: informe-OOFF 2027
Asunto:

Firmado por: ***320*** - MANUEL LOUZAO ALDARIZ (FECHA: 2026-09-08 08:50:56.00) , ***118*** - ISABEL CARBONES BOSCH (FECHA: 2026-09-07 14:31:51.00)
CVD: AU76jkINgbOqhC3viEJ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

INFORME DE FACENDA LOCAL

APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DE DETERMINADAS ORDENANZAS FISCAIS.

A aos efectos de dar cumprimento ao Decreto núm. 7191/2026, do 28 de agosto de 2026, tramítase o expediente para a modificación de determinadas Ordenanzas fiscais.

O expediente tramítase con arranxo ás disposicións contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais establece que a xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais realizarase ao abeiro do establecido na Lei Xeral Tributaria e nas demáis leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento, tendo as Entidades Locais a través das Ordenanzas Fiscais a capacidade de exercer a potestade regulamentaria en materia tributaria.

Esta potestade regulamentaria do Concello en materia de aprobación de ordenanzas ampárase no disposto nos artigos 4.1.a) e 106.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como nas normas procedimentais necesarias para a aprobación das ordenanzas fiscais que se conteñen nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Recóllense a continuación os cambios propostos para a modificación das Ordenanzas fiscais.

ORDENANZA FISCAL XERAL

Modificación do apartado 8 do artigo 24, regulador dos responsables.

O artigo 24 regula a responsabilidade solidaria e subsidiaria, establecendo no seu apartado 8 as cantidades por debaixo das cales, por motivos de eficacia, eficiencia e proporcionalidade, non se procede a derivar a acción de cobro. Na modificación aprobada para o exercicio 2025 incluíronse neste artigo as débedas por sancións de tráfico. Dada a especificidade destes expedientes executivos, considérase axeitado neste momento incluir no texto da Ordenanza Fiscal Xeral a interpretación que deste límite debe facerse e que é acorde coa explicación do mesmo que se incluiu no informe xustificativo emitido por esta Tesourería con motivo da modificación que se levou a cabo para o exercicio 2025.

MURALLA
patrimonio da humanidade

Todo elo en virtude do artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

PRIMEIRO.- Con data de 22/06/2022 asinouse o Convenio de Colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo para a execución das obras de reforma do Centro de Saúde da Milagrosa. O presente convenio entrou en vigor na data de súa sinatura e tivo unha durada de 4 anos, finalizando na data de 22/06/2026.

En base a cláusula segunda do devandito convenio o Concello de Lugo comprometíase a regular na ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles unha exención nos inmobles dos centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma ou do Servizo Galego de Saúde.

Con data de 31/12/2026 publicouse no BOP de Lugo número 299 a aprobación definitiva da modificación do artigo 4º da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, polo que se estableceu no apartado dous do artigo 4º, unha exención a favor dos centros sanitarios de titularidade pública que a continuación se relacionan:

-RESIDENCIA DE MAIORES AS GÁNDARAS (ref. catastral 8255801PH1685S)
- CENTRO CURROS ENRÍQUEZ (ref. catastral 7044027PH1674S)
- HOSPITAL UNIVERSITARIO LUCUS AUGUSTI (ref. catastral 27900A44200013)
- CENTRO RÚA FONTELO (ref. catastral 7148302PH1674N)
- CENTRO FONTIÑAS (ref. catastral 8228511PH1682N)
- INMOBLE DE REFERENCIA CATASTRAL 8427021PH1682N0001FQ.

Cun período de aplicación da exención ata a data de 22/06/2026, data de finalización do Convenio de Colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo.

A devandita exención estableceuse en virtude do artigo 62.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no que se establece que as ordenanzas fiscais poderán regular unha exención a favor dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros, correspondendo neste intre a supresión do apartado dous do artigo 4.

SEGUNDO.- No artigo 5.1 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles regúlase unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto, sempre

que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, aos inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmobilizado, prevista no artigo 73.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Aos efectos de clarificación da documentación que deben achegar os interesados e de evitar a emisión de reiterados requirimentos na tramitación dos correspondentes expedientes modifícase o parágrafo terceiro do artigo 5.1 onde se enumera a documentación necesaria para tramitar a bonificación.

Todo elo en virtude do artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais,

TERCEIRO.- No artigo 5.4 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles regúlase unha bonificación na cota íntegra do imposto daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, prevista no artigo 74.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Tal como establece a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza das Islas Baleares de 19/09/2018 (Rec. 70/2017) "*outra posible explicación é que a bonificación potestativa só o é para a súa aplicación á vivenda que sexa propiedade do suxeito pasivo titular do beneficio e que ademais sexa a vivenda habitual da familia numerosa. Non obstante, esta restrición suporía unha concepción da familia numerosa non axustada á realidade social e económica dos nosos días, no que as situacións de nulidade, separación ou divorcio producen disgregación respecto da vivenda habitual, pero con igual ou maior carga económica para os proxenitores, carga económica que é aquela que a bonificación trata de aliviar (…)*

A Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección das familias numerosas establece o concepto de familia numerosa con carácter básico para todo o Estado. Concretamennte no seu artigo 2.2c) equipara as familia numerosas, as familias constituidas por " O pai ou a nai separados ou divorciados, con tres ou máis fillos, sexan ou non comúns, aínda que estean en distintas unidades familiares, sempre que se atopen baixo a súa dependencia económica, aínda que non vivan no domicilio conxugal" Así pois, a devandita Lei se evita a desprotección das familias formadas polo pai ou a nai separados ou divorciados con tres ou máis fillos en que por esta razón desaparece a convivencia conxunta, sempre que dependan economicamente de quen solicita o recoñecemento. Ou o que é o mesmo, evítase a posible discriminación entre titulares de familia numerosa en función de se se produce disgregación da unidade familiar orixinaria por causa da separación ou divorcio.(…)

En virtude desta sentenza e outros pronunciamentos de órganos xurisdiccionais que consideran discriminatorio privar desta bonificación a quenes sendo titulares da familia numerosa e cumprindo o previsto no artigo 2.2 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, non conviven cos fillos modifícase o parágrafo terceiro do artigo 5.4, aos efectos de que poidan gozar da bonificación ámbolos proxenitores de ser suxeitos pasivos do imposto e constar empadroados todos os fillos/as incluídos no título de familia numerosa no domicilio habitual de calquera dos dous proxenitores.

Todo elo en virtude dos artigos 12 e 74.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

CUARTO.- No artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles regúlase unha bonificación do 95% na cota íntegra do imposto durante 3 anos, aqueles inmobles nos que estean situadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración, prevista no artigo 74. 2 quáter do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establecéndose na ordenanza fiscal que a devandita bonificación surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

Aos efectos da mellora da xestión da devandita bonificación modíficase a regulación da data de efectos, tendo efectos a bonificación dende o período seguinte a aquel no que se efectúe a solicitude.

Todo elo en virtude do artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

QUINTO.- No artigo 5.7 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles regúlase unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante 3 anos, durante os tres períodos impositivos seguintes ao da finalización da súa instalación, os bens inmobles destinados a vivenda habitual dos suxeitos pasivos deste imposto, que instalaran sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo, prevista no artigo 74. 5 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Aos efectos de clarificación da documentación que deben achegar os interesados e de evitar a emisión de reiterados requirimentos na tramitación dos correspondentes expedientes modifícanse os parágrafos segundo e quinto do artigo 5.7 onde se enumera a documentación necesaria para tramitar a bonificación.

Así mesmo tamén especifícase o que se considera vivenda habitual do suxeito pasivo como a vivenda na que estea empadroado.

Todo elo en virtude dos artigos 12 e 74.5 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRCIONES, INSTALACIÓNS E OBRAS

Con data de 22/06/2022 asinouse o Convenio de Colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo para a execución das obras de reforma do Centro de Saúde da Milagrosa. O presente convenio entrou en vigor na data de súa sinatura e tivo unha durada de 4 anos, finalizando na data de 22/06/2026.

En base a cláusula segunda do devandito convenio o Concello de Lugo comprometíase a modificar a Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construccións, instalacións e obras, establecendo unha bonificación do 95% na cota do imposto en virtude co disposto no artigo 103.2 a) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

O presente convenio entrou en vigor na data da súa sinatura e tivo unha durada de 4 anos, finalizando na data de 22/06/2026, polo que na data de 26 de decembro de 2022, publicouse no BOP de Lugo número 294 a aprobación definitiva da modificación do artigo 4º bis da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, intalacións e obras establecento un apartado 10 no artigo 4º bis no que se establecía unha bonificación do 95% da cota do imposto para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por tratarse de obras destinadas estritamente a execución das obras de reforma do centro de saúde A Milagrosa, non afectando ás posteriores modificacións ou reformas que se realicen, e tiña como data de finalización 22/06/2026.

A devandita bonificación estableceuse en virtude co disposto no artigo 103.2 a) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no que se establece que as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, correspondenteo á devandita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros, correspondendo neste intre a supresión do apartado 10 do artigo 4ºbis.

En virtude do artigo 12.1 Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora da facendas locais, que establece que a xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais realizarase de acordo con o previdо na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

E en virtude do apartado dous do mesmo artigo no que se establece que a través das súas ordenanzas fiscais as entidades locais poderán adaptar a normativa a que se refire o apartado anterior ao réxime de organización e funcionamento interno propio de cada unha delas, sen que tal adaptación poida contravir o contido material da devandita normativa.

En virtude do exposto, e de conformidade co disposto no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, engadido por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e artigo 49 do mesmo corpo legal, e artigo 17 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a tramitación axustarase ao seguinte procedemento:

PRIMEIRO.- Someter a aprobación á Xunta de Goberno Local os proxectos de modificación de determinadas Ordenanzas fiscais

Como trámites previos deberán recabarse o ditame do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo e os informes da Secretaria xeral do Pleno e do Interventor xeral municipal.

SEGUNDO.- De seren aprobados os devanditos proxectos, elevaranse ao Excmo. Concello Pleno para a súa aprobación inicial por maioría simple.

TERCEIRO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello, durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo inicial de non se presentaren reclamacións a este durante o mencionado período.

CUARTO.- De terse presentado reclamacións, estas deberán valorarse pola Xunta de Goberno Local, que decidirá se modifica ou mantén o texto inicial, con carácter previo á resolución polo Pleno das reclamacións presentadas e aprobación da redacción definitiva das modificacións propostas das Ordenanzas fiscais.

Deberá publicarse o texto integro das ordenanzas definitivamente aprobadas ou da súa modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e editarse o texto íntegro das ordenanzas fiscais dentro do primeiro cuadrimestre do exercicio económico correspondente.

Asinado dixitalmente por Isabel Carbonés Bosch, Xefa do Servizo de Facenda Local co conforme da Asesoría Xurídica (Manuel Louzao Aldariz), na data que se indica á marxe.